



Regulamento para a realización do traballo de fin de grao da Escola Politécnica Superior

1. Obxecto e ámbito de aplicación

O obxecto deste regulamento é establecer as bases de actuación e os procedementos de traballo relativos á asignación, presentación, defensa e cualificación do traballo de fin de grao (en diante TFG) que todo o alumnado debe realizar e superar para obter o correspondente título académico que acredita a formación recibida. O seu ámbito de aplicación abrangue as seguintes titulacións:

- Área de Enxeñaría Naval
 - Grao en Arquitectura Naval (profesión regulada pola Orde CIN/350/2009)
 - Grao en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque (profesión regulada pola Orde CIN/350/2009)
 - Grao en Enxeñaría Naval e Oceánica (profesión regulada pola Orde CIN/350/2009)
- Área de Enxeñaría Industrial
 - Grao en Enxeñaría Mecánica (profesión regulada pola Orde CIN/351/2009)
 - Grao en Tecnoloxías Industriais

A palabra «área», tanto aquí como no resto deste regulamento, úsase para designar os subámbitos en que ten docencia a Escola Politécnica Superior (EPS) e que se corresponden coas antigas titulacións de Enxeñaría Industrial e Enxeñaría Naval e Oceánica, respectivamente. O termo non é, por tanto, sinónimo de área de coñecemento.

2. Órganos de control e seguimento do TFG

Para cada unha das áreas antes citadas existirá unha comisión de TFG que realizará todas as xestións necesarias para o normal funcionamento do sistema de asignación, presentación, defensa e cualificación dos TFG de acordo coas funcións que se establecen máis adiante neste regulamento.

2.1. Composición das comisións de TFG

Cada unha destas comisións estará constituída polos seguintes membros:

- O/a director/a da Escola Politécnica Superior (EPS), como membro nato, ou o/a profesor/a en que delegue, que actuará como presidente/a.
- Un/unha profesor/a encargado/a da docencia nalgunha das seguintes materias, elixido/a na Xunta de Escola aínda que non for membro dela, que actuará como secretario/a:
 - Área de Enxeñaría Naval
 - Proxecto de Buques
 - Proxecto de Sistemas Auxiliares
 - Proxecto de Sistemas de Propulsión



– Área de Enxeñaría Industrial

• Xestión de Proxectos

- Dous profesores do centro con docencia nas áreas de Enxeñaría Naval e Enxeñaría Industrial, respectivamente, elixidos na Xunta de Escola aínda que non foren membros dela.
- O/a administrador/a da EPS, ou membro do persoal de administración e servizos da EPS en que delegue, como membro nato.
- Un/ha representante electo/a da Delegación de Alumnos, que deberá estar matriculado/a nalgunha das titulacións da área a que pertenza a comisión correspondente.

Os membros que non se declara natos desta comisión serán renovados coincidindo coa renovación da Xunta de Escola, ou ben cando se modifique a condición dos membros natos ou se altere por calquera circunstancia a composición desta comisión.

2.2. Funcións das comisións de TFG

As funcións das comisións de TFG serán estas:

- Aprobar os títulos, temas e tiores dos TFG, así como as súas posibles modificacións.
- Establecer o alcance e a documentación que cómpre desenvolver para cada TFG.
- Determinar o formato de presentación dos TFG, que será uniforme para cada titulación.
- Asignar os TFG ao alumnado que o solicite.
- Nomear os tribunais avaliadores dos TFG.
- Establecer o calendario de presentación dos TFG de acordo coas convocatorias de exames previstos pola Universidade da Coruña (en diante UDC) durante o curso académico.
- Vixiar o cumprimento do calendario de defensa dos TFG.
- Velar polo cumprimento deste regulamento e interpretar o seu contido, no caso de ser necesario.
- Resolver as situacións extraordinarias que excepcionalmente puideren xurdir na aplicación deste regulamento.
- Realizar as propostas de modificación deste regulamento que se estimaren convenientes

Cada comisión reunirse cando menos unha vez por cada convocatoria oficial de exames da UDC.

3. Tribunais avaliadores do TFG

Para cada un dos TFG presentados constituirase un tribunal avaliador que será nomeado pola comisión de TFG correspondente e que estará constituído por tres profesores do centro con docencia na titulación, de acordo coa seguinte composición:

- O/a presidente/a, para cada convocatoria, será nomeado/a pola Comisión de TFG e deberá ser enxeñeiro/a industrial ou enxeñeiro/a naval, ou ben estar en posesión do título de grao



nunha titulación do ámbito dos devanditos tipos de enxeñaría (grao en Tecnoloxías Industriais, en Enxeñaría Mecánica, en Arquitectura Naval, en Enxeñaría en Propulsión e Servizos do Buque, e grao en Enxeñaría Naval e Oceánica, entre outros), dependendo da área a que pertencer o TFG.

- O/a secretario/a que será preferiblemente o secretario/a da comisión de TFG pertinente.
- Un/unha profesor/a do centro con docencia na EPS afín ao tema de que for obxecto o TFG.

Para constituír o tribunal requirirase a presenza de todos os seus membros. En calquera caso, nomearase unha persoa suplente para cada un deles.

4. Temas que poden ser obxecto do TFG

Poderán ser obxecto dun TFG todos aqueles proxectos no ámbito da enxeñaría naval ou industrial de natureza profesional en que se sintetizaren as competencias adquiridas nas correspondentes ensinanzas de acordo coa orde CIN correspondente á titulación de que se tratar, cando for de aplicación.

Calquera membro do profesorado con docencia na EPS poderá realizar propostas de TFG ao/á presidente/a da oportuna comisión de TFG.

Os alumnos poderán propoñerlles TFG aos profesores con docencia na EPS para estes lle transmitiren a proposta á comisión de traballos de fin grao que corresponder. Poderán realizarse TFG en colaboración con empresas, institucións públicas ou privadas, centros tecnolóxicos ou universidades, sempre de cumpriren coa condición imprescindible para a súa aceptación de seren propostos por algún membro do profesorado con docencia na EPS.

A carga de traballo do TFG corresponderase co número de créditos ECTS do devandito traballo.

Todas as propostas se realizarán durante os meses de outubro e xaneiro de cada curso académico. Cada comisión aprobará e fará pública, para o coñecemento do alumnado, a relación de temas aceptados antes do 15 de novembro e do 15 de febreiro de cada curso.

Poderán solicitar a asignación do TFG todos os alumnos que superasen, cando menos, un total de 120 créditos, incluídos todos os pertencentes ao primeiro curso.

Á vista dos temas ofrecidos, os alumnos formularán as súas solicitudes de asignación de TFG á comisión oportuna ao longo do curso académico, para o que utilizarán o formulario que se achega no ANEXO 2. A comisión procederá á asignación dos TFG ao alumnado por orde de expediente, e fará pública unha listaxe provisional de asignacións.

Coa publicación da proposta provisional, establecerase un período de reclamacións. Unha vez resoltas estas, a comisión fará pública a listaxe definitiva.

Para a asignación definitiva do tema de TFG será condición necesaria que o/a alumno/a estea matriculado/a na asignatura de TFG.



5. Titor/a do TFG

Todos os TFG terán asignado un/unha titor/a que será profesor/a da UDC e deberá impartir docencia na EPS.

De existiren varios titores, cando menos un deles ha de cumprir a condición anterior. O outro, que figurará como cotitor, poderá ser externo ao centro. Cada comisión de TFG aprobará a designación de titores e cotitores, e comprobará que estes sexan especialistas no tema de que for obxecto o TFG.

No caso de o TFG se realizar en colaboración con empresas, institucións públicas ou privadas, centros tecnolóxicos ou universidades deberá nomearse un/unha cotitor/a que forme parte do persoal da dita organización externa.

Alén das outras funcións establecidas noutras epígrafes deste regulamento, o titor será o responsable de lle expoñer ao alumno as características que debe cumprir o seu TFG, e de orientalo no seu desenvolvemento, realizando un seguimento na elaboración deste traballo e velando polo cumprimento dos obxectivos fixados.

Será obrigatoria a asistencia do titor do TFG, ou do profesor en quen delegue, ao acto de exposición e defensa do TFG, debendo asistir ás deliberacións do tribunal con voz, mais sen voto.

6. Presentación do TFG

Poderán presentar o TFG para a súa defensa aqueles alumnos que superasen a totalidade dos restantes créditos da titulación.

Para formalizar a entrega do TFG cada alumno/a presentará na Secretaría da EPS a seguinte documentación:

- A correspondente solicitude de defensa e avaliación do TFG, segundo o impreso que a EPS estableza e no prazo fixado por esta escola.
- Dous exemplares do seu TFG, un deles en formato físico, en papel, formatado e encadernado de acordo coas normas establecidas polas comisións de TFG, e o outro en soporte informático.
- O informe favorable do/a titor/a do TFG. Cada titor/a verificará que a copia en soporte informático coincide coa entregada en papel.

O exemplar en soporte informático deberá presentarse exclusiva e integramente en formato PDF.

7. Defensa e cualificación do TFG

O/a presidente/a do tribunal avaliador convocará a cada alumno/a e a seu titor para a defensa do seu TFG, que se realizará dentro do mes natural posterior á súa presentación.

Se o tribunal estima oportuno aceptar o TFG para a súa defensa, o/a alumno/a deberá expor e defender o seu traballo durante un tempo máximo de 20 minutos. A exposición e defensa



do TFG será pública. A continuación os membros do tribunal poderán facer as preguntas que consideren oportunas para cualificaren o TFG durante un tempo máximo de 5 minutos cada un.

Concluída a exposición e oídas as respostas do/a alumno/a, o tribunal deliberará a porta pechada e determinará a cualificación que corresponda ao TFG, ou ben, de así proceder, devolverá este ao alumno/a para a súa modificación ou mellora . Á hora de cualificar o TFG o tribunal valorará os seguintes aspectos:

- A dedicación do/a alumno/a
- A adecuación do contido aos obxectivos planificados
- Os aspectos técnicos
- A exposición oral, incluídas as respostas ás preguntas realizadas
- Os aspectos formais da documentación

No caso de o TFG se considerar suspenso, o/a alumno/a poderá escoller entre realizar un novo TFG desde o inicio ou modificar o xa presentado seguindo as indicacións do tribunal. En ambos os casos se realizará unha nova defensa do TFG.

A cualificación do TFG comunicárase en sesión pública na mesma data da súa defensa e redactárase unha acta individual para tal efecto, coa sinatura de todos os membros do tribunal. Esta cualificación exprésase de 0 a 10 puntos. O/a alumno/a cuxa cualificación for igual a 9 ou maior poderá acceder á mención de matrícula de honra.

Existirá un libro de rexistro de TFG en que se asentará o número de rexistro, a data da inscrición, o título do TFG, os nomes do/a titor/a e do/a alumno/a, a data de defensa do TFG e a cualificación.

O libro de rexistro de TFG depositárase e custodiárase na Secretaría da EPS. As copias de cada TFG quedarán en propiedade desta escola e deberán archivarase obrigatoriamente na súa secretaría. A copia electrónica deberá ser enviada polo/a administrador/a da EPS ao Repositorio Institucional da UDC (RUC) para a súa publicación.

No caso de o/a autor/a do TFG non autorizar o depósito e a publicación deste no RUC, entre outras por razóns de confidencialidade, deberá solicitalo ante a correspondente comisión de TFG, que resolverá en cada caso.

No caso de o/a alumno/a superar a defensa do TFG, a EPS habilitará os medios necesarios para se expedir, nun prazo máximo de dous días hábiles despois da redacción da acta, unha certificación oficial da cualificación obtida, así como a de todas as materias da titulación.

A titularidade dos dereitos de propiedade intelectual, de ser o caso, corresponderá a quen realizar o TFG, tal como queda recollido na alínea h) do artigo 8 do Real decreto 1791/2010, do 30 de decembro, polo que se aproba o Estatuto do estudante universitario, sen prexuízo da posibilidade de compartir estes dereitos se así se acordase entre o/a autor/a e outros implicados na elaboración do TFG.



8. Alumnado da EPS que realice o TFG noutras universidades no marco dun programa de intercambio

O alumnado da EPS que desexar realizar o TFG noutra universidade, no marco dun programa de intercambio nacional ou internacional, deberá incluír no seu contrato de estudos a realización do TFG.

A realización do TFG noutra universidade deberá contar coa aprobación da correspondente comisión de TFG e do/da titor/a do TFG da universidade de destino.

A documentación complementaria que o alumnado deberá achegar co contrato de estudos será o formulario do Anexo I, que deberá ser entregado na Secretaría da EPS.

Ferrol, 11 de maio de 2012



Anexo I

Formulario de solicitude para o alumnado da EPS que realice o TFG noutras universidades no marco dun programa de intercambio



Formulario de solicitude para o alumnado da EPS que realice o TFG noutras universidades no marco dun programa de intercambio

Nome:

Apelidos:

Teléfono:

Correo electrónico:

Universidade e centro de destino:

Proposta de título de traballo fin de grao:

Breve descrición do TFG proposto e dos seus obxectivos:

O/a titor/a (data e sinatura): _____ **O/a alumno/a (data e sinatura):** _____

RESOLUCIÓN:

Aceptada

Denegada

OBSERVACIÓNS:

O/a secretario/a da Comisión de TFG (data e sinatura): _____

PRESIDENTE/A DA COMISIÓN DE TFG DA EPS



Application form. EPS students requesting to carry out their TFG in other universities in the framework of an exchange program

Name:

Surname:

Phone:

E-mail:

Destination University and Centre:

Title suggested:

Short description of the work to be performed and its objectives:

The supervisor (date and signature): _____ The student (date and signature): _____

DECISION:

Accepted

Rejected

OBSERVATIONS:

TFG Commission. The Secretary (date and signature): _____

CHAIRMAN OF EPS TFG COMMISSION



Anexo II

Formulario de solicitude de asignación de traballo de fin de grao para alumnado da EPS



Formulario de solicitude de asignación de traballo de fin de grao para alumnado da EPS

D./ D.^a

Alumno/a da titulación

Declaro que reúno as condicións necesarias para se lle adjudicar o traballo de fin de grao e solicita o seguinte:

Ano de publicación: **N.º do proxecto:**

Titor/a:

Título:

.....

.....

Observacións:

.....

.....

.....

.....

Ferrol, de de 20.....

Sinatura do/a alumno/a

SR. /SRA. Presidente da comisión de traballo fin de grao de enxeñaría _____